



CAMPACOLES VERÁN 2022 DA FEDERACIÓN PROVINCIAL DE ANPAS:

A temática xirará en torno a natureza e os catro elementos: terra, auga, lume e aire. “A *nai natureza alértanos dos perigos que está a sufrir pola acción do home e poñerlle freo é cousa de todos.*

Por iso, este verán nos Campacoles tomaremos conciencia do coidado, protección e conservación do planeta, así como dos seres vivos que forman parte dela.

A nosa misión consistirá en axudar á Fada da Natureza para salvar o Planeta Terra, e para iso primeiro debemos coñecer, valorar e respectar a natureza e os elementos que a forman.

Formaremos brigadas de exploradores que descubrirán e coñecerán as características e a importancia e que teñen os 4 elementos da natureza na vida do home que a manteñen viva: A TERRA, O AIRE, A AUGA E O LUME.”

As actividades que se programan abranguen diferentes áreas de contidos, polo que terán un carácter multidisciplinar, permitindo así realizar actividades moi variadas, dende propostas de animación á lectura, xogos de enxeño, actividade motriz, musicais, teatrais, etc.

ESTRUCTURA:

Adiantámosvos as principais características deste programa estival de recreación, que se desenvolverá de luns a venres en horario de 10 a 14 horas, **desde o luns 27 de xuño ata o venres 29 de xullo**, distribuído en 5 quendas semanais de campamentos con temáticas diferentes. O último día de cada quenda todos os participantes farán unha saída no entorno da cidade ou mancomunidade, cunha ampliación do horario ata as 15:30h.

QUENDAS

Quenda 1: Do 27 de xuño ao 1 de xullo.

Quenda 2: Do 4 ao 8 de xullo.

Quenda 3: Do 11 ao 15 de xullo.

Quenda 4: do 18 ao 22 de xullo.

Quenda 5: do 26 ao 29 de xullo.

SERVIZOS COMPLEMENTARIOS

Madrugadores: de 8:30 a 10:00h.

Comedor: de 14:00 a 15:30h. (con posibilidade de saída ás 15:00h. salvo o día da saída que será ás 15.30h).

Contemplantase a media mañá unha parada entre as 11:00 e 11:20 h., aproximadamente, para tomar unha pequena merenda que os escolares poderán levar da casa.

CENTROS SEDE

CEIP Alborada

CEIP Anxo da Garda

CEIP Curros Enríquez

CEIP Juan Fernández Latorre

CEIP María Barbeito

CEIP San Pedro de Visma

CEIP Wenceslao Fernández Flórez

PRAZAS

45 prazas por sede (tres grupos).

A ratio mínima para levar a cabo o campacole será de **15** escolares por sede, e de **10** escolares para os servizos de madrugadores e comedor.

DESTINATARIOS

Escolares que estiveran matriculados nun CEIP do Concello da Coruña no curso 21/22.



ADXUDICACIÓN DE PRAZAS

A adxudicación de prazas farase por orde de inscrición, tendo preferencia dentro dese criterio xeral:

- 1º. O primeiro día de inscrición, os escolares matriculados no centro sede no que solicitan a/s quenda/s.
- 2º. O segundo e demais días de inscrición, os usuarios de calquera das actividades extraescolares da Federación Provincial no curso 21/22, con independencia do CEIP no que estean matriculados. A continuación o resto de solicitantes da actividade.

COTAS POR PARTICIPANTE E QUENDA:

- CAMPACOLE: **20€.(*)**
- MADRUGADORES SEN ALMORZO: **10€.**
- MADRUGADORES CON ALMORZO: **17€.**
- COMEDOR: **25€.**
- SEGURO DE ACCIDENTES **4€ (**)**

*Estarán exentos da cota de campacole (de 10:00 a 14:00h.) os escolares que cumpran os requisitos de participación e fosen beneficiarios de beca comedor neste curso 21/22.

**Estarán exentos do pago do seguro de accidentes aqueles solicitantes matriculados en calquera programa ofertado pola Federación de ANPAS no curso 2021/22 (“Cóxegas”, “Deporte no Centro”, “Arte e Cultura no Centro”, “English Lab” ou “On Parle”).

PRAZOS

Preinscrición: 23, 24 e 25 de maio de 2022 na seguinte ligazón: www.fedapasacoruna.org/inscripciones

Listaxe de admitidos: 1 de xuño de 2022. (Publicarase na web municipal, no 010 e na web www.fedapasacoruna.org)

Inscrición e abono: 8, 9 e 10 de xuño de 2022.

Xestión da listaxe de agarda: do 16 ao 21 de xuño de 2022